

RESOLUCIÓN DO ALCALDE NÚMERO 860/2009.

Antecedentes administrativos.

Primeiro. O Pleno da Corporación Municipal aprobou, en sesión realizada o 22 de xaneiro de 2009, as obras a incluír no Fondo Estatal de Investimento Local, entre as cales figura a denominada “Reforma das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro”. Asemade neste mesmo acordo plenario apróbase o proxecto técnico da obra, elaborado polo arquitecto don Sebastián Ríos Ernst, número de Colexiado 3566, cun orzamento de execución por contrato de 872.625,81 €.

Segundo. O 23 de febreiro de 2009 o Concelleiro delegado de urbanismo, vivenda e solo, emite a memoria xustificativa desta obra e por Resolución número 411/2009, da mesma data, incóase expediente contratación da mesma, o número 04/09-OB-PN.

Terceiro. O Pleno na súa sesión de data 6 de marzo de 2009 aproba o expediente de contratación, ordena a apertura do procedemento de licitación e a publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante do Concello de Noia (www.noia.es) e delega no Alcalde a competencia para adxudicar, tanto provisoria como definitivamente de acordo ó previsto no prego de cláusulas administrativas particulares e proposta da Mesa de Contratación, o contrato de execución desta obra, así como para resolver calquera incidencia no desenvolvemento do mesmo e posterior execución da obra ata a súa liquidación definitiva, incluída a prerrogativa de interpetrar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, as modificacións que se propoñan, acordar a súa resolución ou calquera outro acordo que lle correspondera ó órgano de contratación.

Cuarto. Rematado o prazo para presentar as solicitudes de participación presentáronse un total de dúas: CONSTRUCCIONES CES, SL, e CONSTRUCCIONES GALDIANO, SA.

Quinto. Convocada a Mesa de Contratación para o día 26 de marzo de 2009, e reunida esta, apreciase que ningunha ten a clasificación esixida no proxecto técnico e prego de cláusulas administrativas particulares: Grupo C, subgrupo 5; Grupo E, subgrupo 1; Grupo G, subgrupo 6; Grupo I, subgrupo 1; Categoría e, coa peculiaridade que un dos licitadores CONSTRUCCIONES GALDIANO, SA, presenta un compromiso de contratar a outra empresa (IBERSILVA, SA) para realizar a parte do proxecto referente a instalacións eléctricas e que está en posesión da clasificación Grupo I, subgrupo 1, e achega ademais declaración responsable desta última de que realizará esa parte do proxecto.

Sexto. Visto o anterior a Mesa de Contratación acorda solicitar á secretaria municipal informe sobre a posibilidade de complementar a clasificación esixida co compromiso de subcontratar a outra empresa que está clasificada nun dos grupos e subgrupos esixidos e que non ten o licitador principal, o cal se emite o 27 de marzo de 2009 e no que conclúe “*que non é posible entender suficiente a clasificación acreditada por CONSTRUCCIONES GALDIANO, SA, dado que, para que poidera admitirse o complemento desta a través da subcontratación doutra empresa que ten a clasificación no Grupo I, subgrupo 1, debería terse previsto no prego de cláusulas administrativas particulares*”.

Sétimo. A Mesa de Contratación en reunión realizada o 31 de marzo de 2009 acorda declarar excluídos a ambos licitadores por non reunir ningún deles a clasificación esixida.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo ó establecido na disposición adicional 2ª da LCSP, é competencia do Pleno a contratación desta obra dado que a súa cuantía supera o 10% dos recursos ordinarios do orzamento

municipal vixente, e vista a delegación efectuada neste Alcalde por acordo adoptado no punto 8. da sesión realizada o 6 de marzo de 2009,

RESOLVO:

Primeiro. Declarar deserto o procedemento negociado con publicidade e tramitación urgente, expediente número 04/09-OB-PN, convocado por acordo do Pleno da Corporación adoptado no punto 8. da Orde do Día da sesión realizada o 6 de marzo de 2009, para a adxudicación do contrato de execución da obra “Reforma das rúas Porta da Vila e Escultor Ferreiro”, ó non reunir ningún dos licitadores participantes no procedemento a clasificación esixida no proxecto técnico e no prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Notificar a presente resolución a tódalas persoas interesadas no procedemento, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e que contra a cal podrase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó de recepción da notificación da presente, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución ós servizos técnicos e Intervención municipais, e dar conta o Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Noia, 31 de marzo de 2009.
O Alcalde,

Ante min,
A secretaria,

Asdo. Rafael García Guerrero.

Asdo. Ana María Ares Álvarez.